

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**VALEDOR DO POBO**

RESOLUCIÓN do 13 de decembro de 2024 pola que se aproba a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a do Servizo de Apoio.

Vista a proposta formulada polo vicesecretario xeral para a adscrición, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a do Servizo de Apoio da Institución,

RESOLVO:

Ao abeiro do establecido no artigo 7.k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobar a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Apoio, conforme as seguintes bases:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Apoio da Institución (posto número 11), que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG núm. 33, do 4 de xuño de 2024).

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A¹ (A-1²).
2. Nivel de complemento de destino: 28.
3. Administración: pertenza como persoal funcionario/a de carreira ao grupo A (A1).
4. Titulación: licenciatura/grao en Dereito.
5. Funcións que desenvolverá:

a) O apoio e asesoramento ao labor da Institución e a realización de estudos e informes de carácter técnico-xurídico nas materias que lle sexan encomendadas.

b) A tramitación, informe e seguimento dos expedientes de queixas naquelas áreas que se lle asignen.

¹Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

²Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



c) A asistencia ao secretario xeral para a tramitación dos asuntos en que deba intervir a Institución.

d) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da Institución, lle sexa asignada polos seus superiores xerárquicos.

6. Centro directivo: Valedor do Pobo.

Segunda. Poderá concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera Administración pública, pertencente ao grupo indicado do posto a que opta.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro do Valedor do Pobo, rúa do Hórreo, nº 65, Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo desta resolución.

As persoas aspirantes deberán achegar coa súa solicitude un currículo, en que farán constar os títulos académicos, estudos, cursos realizados, anos de servizo e postos de traballo desempeñados na Administración, e outros méritos que consideren oportuno poñer de manifesto.

Deberán xustificarse documentalmente os méritos alegados. Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

Ademais farán constar detalladamente as características dos postos que viñesen desempeñando mediante declaración responsable.

Poderán realizarse entrevistas coas persoas solicitantes que se consideren mais idóneas, que serán citadas con, polo lo menos, 48 horas de antelación.

Cuarta. De conformidade co disposto no artigo 7.1) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, corresponde á valedora do Pobo a resolución desta convocatoria.



Quinta. A resolución da convocatoria, coa adxudicación do posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño, ou a súa declaración como deserta, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude, farase pública no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexta. O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres (3) días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete (7) días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días (20) se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

Sétima. Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a valedora do Pobo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2024

Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo



ANEXO
Modelo de solicitude

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>	<i>Segundo apelido</i>	<i>Nome</i>
<i>DNI</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Teléfono</i>
<i>Correo electrónico:</i>	<i>Enderezo:</i>	
<i>Corpo ou escala:</i>	<i>Grupo:</i>	
<i>Destino actual</i>		
<i>Administración</i>	<i>Dependencia</i>	<i>Localidade</i>

SOLICITO ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo, polo sistema de libre designación, aprobada pola Resolución da valedora do Pobo, do ... de.....de 2024, por considerar que reúno os requisitos exixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:

Denominación do posto de traballo	Nivel C.D.	Institución	Localidade
		Valedor do Pobo	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual:			
Noutros corpos:			
No actual posto de traballo:			
Outros destinos anteriores:			
Títulos académicos:			
Cofecemento da lingua galega:	Fala: <input type="checkbox"/>	Escrebe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>
Outros méritos que se deban facer constar de acordo coas bases da convocatoria:			
Outros méritos que a persoa candidata desexa facer constar:			

Información básica sobre protección de datos persoais:

Responsable do tratamento	Valedor do Pobo
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento de obriga legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.valedordopobo.gal/rexistro-de-actividades-de-tratamento/
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á valedora do Pobo
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso rectificación, limitación e supresión dos seus datos en valedor@valedordopobo.gal ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	valedor@valedordopobo.gal

(Lugar, data e sinatura)

Valedora do Pobo
